

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A ASOCIACIÓN CLÚSTER EMPRESARIAL DE TURISMO DE GALICIA (CTG) PARA A ORGANIZACIÓN DUN EVENTO PARA O RECOÑECIMENTO SOCIAL DO SECTOR DO TURISMO: PREMIOS TURISMO DE GALICIA

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Por unha banda, D. Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura e Turismo, en representación da **Axencia Turismo de Galicia**, en calidade de presidente, segundo se establece na Disposición adicional primeira do Decreto 106/2018, do 4 de outubro (DOG núm. 191, do 5 de outubro), e de conformidade coa atribución do artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

Doutra parte, D. Cesáreo González Pardal, en calidade de Presidente da **Asociación Clúster Empresarial de Turismo de Galicia (en adiante CTG)**, con NIF G70377338, e domicilio a efectos de notificacións no Espazo Coworking: Emprende Cultura Gaiás. Cidade da Cultura de Galicia. 15707 Santiago de Compostela, A Coruña, elixido para o devandito cargo por elección realizada no seo da Asemblea Xeral Extraordinaria do CTG do 1 de outubro de 2018, e actuando en virtude das facultades que lle outorga o artigo 19 dos estatutos da entidade.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas e,

EXPOÑEN

- I. Que a Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia Turismo de Galicia, é a entidade pública instrumental da



Xunta de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo.

- II. O Consello da Xunta, na súa reunión do 23 de marzo de 2017 aprobou o **Plan Estratéxico do Turismo de Galicia 2020**, no que se recollen unha serie de retos como son:
- a. Reto 2.1 Cooperación na cadea de valor do turismo
 - b. Reto 2.4 Sensibilización sobre o turismo como motor de desenvolvemento
 - c. Reto 3.2 Internacionalización
 - d. Reto 3.3 Innovación turística e novas tecnoloxías
- III. Que a asociación sen ánimo de lucro CTG, constituída o 20 de xuño de 2013, é a **única entidade en Galicia que agrupa e representa a toda a cadea de valor do sector turístico de Galicia**, cuxa finalidade é a representación, defensa e difusión dos intereses comúns dos seus membros, o fomento das actividades principais ou nucleares da cadea de valor do turismo (actividades de apoio, actividades centradas no subministro e actividades centradas no equipamento) así como o incremento da competitividade do sector turístico para o cal realizará cantas accións estime necesarias, promovendo e impulsando a interacción dos distintos axentes co fin de dinamizar e fomentalas relacións entre eles, proporcionando unha plataforma de encontro axeitada para poder cumprilo reto de desenvolver o sector do turismo en Galicia.
- IV. Que cos Premios Turismo de Galicia preténdese o recoñecemento das iniciativas e traxectorias profesionais que demostraron a súa efectividade na posta en valor do sector turístico, o que permitirá a sensibilización sobre o turismo como motor de desenvolvemento.

A finalidade destes premios terá que supor unha actividade de promoción que permita recoñecer iniciativas, actuacións, proxectos ou traxectorias profesionais que teñen demostrado a súa efectividade para a posta en valor do sector turístico e a súa aportación non só en termos económicos, senón tamén como mecanismo de fomento do intercambio cultural e promoción do noso territorio.

Estes galardóns servirán para o recoñecemento da labor de persoas, empresas e institucións que realizan a nivel nacional e internacional para promover Galicia como destino turístico e potenciar o sector na nosa comunidade. O obxectivo é converterse na celebración do sector, un acto social que



reúna a profesionais do turismo en todas as súas vertentes, autoridades, cargos públicos e representantes do mundo da arte e da cultura de Galicia.

- V. Que a colaboración público privada na consecución destes fins comúns xustifica a sinatura do presente convenio. Así mesmo, polas razóns expostas no expoñendo anterior, ao ser o Clúster a única entidade en Galicia de tal natureza, que aglutina a toda a cadea de valor do turismo da nosa Comunidade autónoma, é a única entidade que pode realizar o seu obxecto.

En consecuencia e, dado o interese coincidente da Axencia Turismo de Galicia e do CTG, as partes acordan asinar este convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO E FIN

O obxecto do presente convenio é o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a CTG para a organización dun evento e de todas as actividades de promoción correspondentes para a posta en marcha dos Premios Turismo de Galicia, para o recoñecemento social do sector do turismo.

Incluirá as seguintes actuacións:

- i. Deseño das categorías, bases legais, dossiers de presentación, definición do xurado, mecanismos de fallo dos premios e calquera acción orientada ao deseño dos premios.
- ii. Produción do evento incluíndo materiais audiovisuais, escenografía, espectáculos, catering do evento, presentación dos premios e en xeral, todo aquilo que teña que ver coa celebración dos premios.
- iii. Comunicación do evento, tanto no seu deseño, como na execución de converter o acto nun evento do sector.



SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

1. O orzamento estimado para o desenvolvemento das actuacións obxecto deste convenio ascende a 100.000,00€ (IVE incluído).

A Axencia Turismo de Galicia achegará a cantidade de 100.000,00€, con cargo á aplicación orzamentaria 11.A2.761A.640.0 dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019.

A achega que fai a Axencia Turismo de Galicia para posibilitar a realización das actuacións será dedicada aos gastos de actuacións obxecto do convenio, e só cubrirá o custo de realización da actividade, sen que polo CTG se obteña beneficio ou lucro industrial ningún con dita achega.

TERCEIRA.- COMPROMISOS DAS PARTES

1. O **CTG** comprométese a:

- a) Desenvolver as actuacións que conforman o obxecto do presente convenio.
- b) Incluír en toda a documentación e soportes que se realicen sobre as accións obxecto do convenio, que as mesmas contan coa colaboración da Xunta de Galicia – Axencia Turismo de Galicia.
- c) Incluír a “Marca Galicia” nas accións de promoción obxecto de este convenio de colaboración. Nos folletos e outras publicacións deberán incluír na contraportada a marca turística. Seguindo as indicación do manual de uso. Para a aplicación correcta da marca deberán de descargar da páxina www.turgalicia.es/marca01s os arquivos informáticos cos elementos gráficos en calidade e formatos axeitados así como as condicións de uso. Así mesmo, deberá incluírse a marca Xacobeo 2021.
- d) Subministrar á Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información



necesaria para o cumprimento pola Axencia Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.

2. A **Axencia Turismo de Galicia** comprométese a colaborar co CTG para a mellor consecución dos fins comúns deste convenio, así como á realizar a achega económica prevista na cláusula segunda.

CUARTA.- INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia Turismo de Galicia, e as persoas ou profesionais dependentes das entidades que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria.

Non se derivarán obrigas propias dunha relación laboral ou contractual de conformidade coa normativa vixente.

QUINTA.- RESULTADOS CONXUNTOS

O diverso material promocional, elaborado en desenvolvemento das actuacións previstas neste convenio de colaboración, será de uso e titularidade común por ambas partes asinantes.

Así mesmo, calquera dereito de propiedade industrial e intelectual sobre o material que resulte das actuacións do presente convenio será de titularidade conxunta das partes asinantes, de xeito que ningunha poida facer uso dos citados dereitos coa oposición de calquera dos asinantes.

Calquera modificación dos resultados deberá ser autorizada polas partes asinantes.

SEXTA.- XUSTIFICACIÓN DE FONDOS E PAGAMENTO

Os gastos deberán realizarse e ser efectivamente pagados antes do **10 de decembro de 2019**.



No mesmo prazo o CTG deberá presentar ante a Axencia Turismo de Galicia a solicitude de pago anual da parte comprometida por aquela e a xustificación, que conterá a seguinte documentación:

- a. Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento dos obxectivos do presente convenio, con indicación das actividades realizadas.
- b. Facturas xustificativas dos gastos realizados, xunto coa documentación acreditativa do pago, mediante a presentación de transferencias bancarias, certificacións bancarias orixinais ou extractos de pagamento.
- c. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e da seguridade social e de non ter pendente débedas por ningún concepto coa Xunta de Galicia.
- d. Indicación do número de conta para realizar o pagamento xunto coa declaración responsable sobre a súa titularidade.
- e. Detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten a colaboración de Turismo de Galicia e a “Marca Turística de Galicia”, así como a marca Xacobeo 2021.

En todo caso, a cantidade máxima que se obriga a aportar a Axencia, reducirase na mesma proporción que represente a cantidade xustificada respecto do orzamento estimado establecido na cláusula segunda.

A documentación correspondente á xustificación presentarase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

SÉTIMA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO E CONTROL

Para o seguimento do convenio e da súa execución créase unha Comisión de Seguimento, que estará integrada por dous representante designados por cada unha das partes asinantes. A



comisión será a competente para decidir calquera cuestión sobre a interpretación ou execución do presente convenio.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir coa interpretación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas pola comisión de seguimento, e en última instancia dirimiranse na xurisdición contencioso-administrativa.

OITAVA.- MODIFICACIÓN E RESOLUCIÓN DO CONVENIO

1. As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

2. Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.



NOVENA.- PUBLICIDADE E REXISTRO DO CONVENIO E AUTORIZACIÓN E CONSENTIMENTO PARA QUE SE PUBLIQUEN OS DATOS PERSOAIS E DEMAIS ESPECIFICACIÓNS QUE FIGURAN NO CONVENIO

O réxime de publicidade do convenio será o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Axencia Turismo de Galicia. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade, incluída tamén a publicidade no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Asemade procederase a inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

As partes asinantes autorizan e consenten a publicidade dos seus datos persoais e demais datos recollidos no presente acordo no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

DÉCIMA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.



Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

DÉCIMO PRIMEIRA.- NATUREZA XURÍDICA, RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN COMPETENTE

O presente convenio de colaboración formalízase ao abeiro do disposto na resolución de 8 de abril de 1991 pola que se fai público a acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e con particulares.

Este convenio ten natureza administrativa e queda fóra do ámbito de aplicación da lexislación de contratos das Administracións públicas, segundo dispón o artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, sen prexuízo da aplicación dos principios da citada Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

Seralle de aplicación o réxime determinado na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas en dereito administrativo aplicables ou, no seu defecto, polas derivadas do dereito privado.

DÉCIMO SEGUNDA.- NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.



As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

DÉCIMO TERCEIRA.- VIXENCIA

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, e manterá a súa vixencia ata a completa organización e finalización das actividades e a liquidación das obrigas resultantes, rematando en todo caso o **31 de decembro de 2019**.

En proba da súa conformidade, as partes asinan este convenio.

Pola Axencia Turismo de Galicia

Polo CTG

O presidente

O presidente

Román Rodríguez González

Cesáreo González Pardal

